
Erica ciliaris Loefl. ex L., 1753

- carroucha de pelos, queiruga veluda
- argaña, carroncha, brezo
- ainarra iletsua
- bruc, bruc de cilis
- dorset heath
- carapaça



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Ericales**	**Ericaceae**	***Erica***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto de 0,2-0,8 m de altura. Talos novos de cor marrón avermellada, con pelos glandulares e non glandulares, curtos e estendidos, ás veces mesturados con pelos glandulares longos. Follas de 2-4 x 0,8-2 mm, en verticilos, estendidas, lanceoladas ou ovaladas, raramente ovadas, cunha franxa abrancazada no envés. Poden ser pilosas ou glabrescentes, con cilios. Inflorescencias racemosas, oblongas, de anchura reducida cara ó ápice. Froito en cápsula globosa. Sementes de 0,4-0,5 mm de longo, oblongo-elipsoidais, finamente reticuladas, cunha forma indistinta. Florecen de maio a outubro.

HÁBITAT

Uzaleiros e matogueiras sobre solos máis ou menos húmidos, ás veces areosos e ácidos.

DISTRIBUCIÓN

Norte e metade occidental da Península Ibérica, oeste de Europa e noroeste de África.

CURIOSIDADES

A rexeneración a partir de enxertos superviventes despois dun incendio é rápida.